

# RENACIMIENTO EN ESPAÑA

**Carla Chenlo Piñeiro 2ºB**

# MÚSICA INSTRUMENTAL. ORGANOLOXÍA. FONTES DE ESTUDO

A música instrumental española aínda non ten autonomía propia e unha parte importante do seu repertorio débelle aos modelos da música vocal.

# MÚSICA PARA VIHUELA

Foi un instrumento solista. Hai tres tipos de vihuela: vihuela de man, de arco e de péñola ou plectro; pero a máis importante era a primeira, que parecía unha guitarra. O número de cordas variaba, o máis habitual eran seis, usábase a técnica de punteado.

O sistema de escritura máis habitual era a cifra, na que cada corda tiña asinada unha liña.

O repertorio para vihuela estivo influenciado polo contacto con Italia e Flandes, e agrupase en catro tipos: Pezas sobre canto chairo; diferencias ( serie de variacións sobre baixos ou melodías); pezas orixinais ( fantasías) e pezas para canto e vihuela.

Autores de música de vihuela que destacaron foron:

- Luis de Milán, (editou o primeiro libro de vihuela en España) cun repertorio de 72 pezas moi variadas

- Luis de Narváez, cun estilo contrapuntístico de difícil interpretación no instrumento.

# MÚSICA PARA GUITARRA

A guitarra do século XVI é máis pequena que a vihuela. Aínda que coa mesma forma, ten só un rosetón e catro cordas. O seu repertorio era semellante ao da vihuela. Destaca como compositor [Alonso de Mudarra](#).

# MÚSICA PARA ÓRGANO


O órgano español presentaba unha serie de características, a súa sonoridade era suave debido á baixa presión do aire; a preferencia polos órganos dun só teclado; o uso dunha oitava curta na man esquerda que permitía dispoñer dalgunhas notas máis usadas como baixo. Ao ser o instrumento eclesiástico o seu repertorio está ligado á música relixiosa aínda que tamén se engaden xéneros profanos.

Entre o repertorio relixioso destacan os preludios (pezas breves que daban pé á entoación dos cantores na igrexa); entoacións (pequenos estudos para principiantes); glosas (transcricións e adaptacións de misas, motetes e obres litúrxicas vocais), versos (para a salmodia e outros actos do culto); glosados de villancicos e outras melodías populares... Entre o repertorio de órgano profano destacaban os tientos (pezas imitativas a catro voces); e diferencias (equivalente ás variacións, ciclos de variacións sobre melodías de cancións ou baixos ostinatos). Un dos grandes nomes da obra para órgano renacentista foi Antonio de Cabezón.

# ORGANOLOXÍA

A organoloxía é a ciencia que estuda os instrumentos musicais e a súa clasificación. Comprende o estudo da historia dos instrumentos, os instrumentos empregados en diferentes culturas...

O Syntagma Musicum de [Michael Praetorius](#) é o documento onde se recolle toda a información dos instrumentos do Renacemento, foi publicado en 1618.



# INSTRUMENTOS DE VENTO

A) VENTO MADEIRA BISEL

-Fruta de pico/doce

-Fruta traveseira

-Pífano

## B) VENTO MADEIRA DE PALLETA (dobre)

-Bajón

-Chirimía

-Orlo ou cromorno

## C) VENTO METAL

-Trompetas

-Cornetas

-Serpentón

-Sacabuches

# INSTRUMENTOS DE CORDA

A) CORDA FRETADA

-Violas de arco

B) CORDA PUNTEADA

-Laúde

-Guitarra

-Arpas

-Vihuela

# INSTRUMENTOS DE TECLADO

## A) ÓRGANOS

-Gran órgano

-Órgano positivo/portativo

## B) TECLADO E CORDA PERCUTIDA

-Clavicordio

## C) TECLADO E CORDA PUNTEADA

-Clavecín

-Espineta

-Virxinal

# FONTES DE ESTUDIO

- A) TRATADOS MUSICAIS: Obras que recollen a información sobre os instrumentos
- B) ICONOGRÁFICOS: Representacións de pinturas e esculturas dos instrumentos.
- C) INSTRUMENTOS CONSERVADOS: Permmiten o estudo das técnicas de construción orixinais, ao mesmo tempo unha interpretación do éxito e importancia de uso dos instrumentos.

# VÍDEOS

-Virginal

-Frauta doce

-Serpentón

-Clavicordio

-Sacabuches

-Guitarra